

CiUG

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA



Guía 2008

**De acceso ao Sistema
Universitario de Galicia**

**Universidade da Coruña
Universidade de Santiago
de Compostela
Universidade de Vigo**



Información

Pódese consultar na **Internet** información relativa a:

PAAU Probas de Acceso á Universidade

- Listados de aptos
- Consulta personalizada das cualificacións
- Consulta das datas de matrícula e realización das probas

ACCESO a titulacións con límite de prazas do SUG

- Consulta personalizada dos listados de admitidos e de espera
- Consulta das datas de preinscrición
- Consulta das datas de matrícula

www.cesga.es/ciug

Para información consúltese aos **LERD**
(ver enderezos no apartado 7)
ou ao **Servizo de información telefónica da CiUG**
(horario: das 9,00 ás 14,00 horas)

981.528 080

Índice

1. INTRODUCCIÓN	páx. 7
2. PAAU	
 Probas de Acceso á Universidade	páx. 8
2.1. NORMATIVA	páx. 8
2.1.1. LOXSE	páx. 8
2.1.2. COU	páx. 12
2.2. DOCUMENTACIÓN para a MATRÍCULA	
2.2.1. Común para todos os/as estudantes	páx. 13
2.2.2. Específica para o alumnado de matrícula anticipada	páx. 13
2.2.3. Específica para o alumnado con estudos estranxeiros validados	páx. 14
2.2.4. Específica para o alumnado de Música ou Danza	páx. 15
2.3. CALENDARIO	páx. 16
2.3.1. Convocatoria de xuño	páx. 16
2.3.2. Convocatoria de setembro	páx. 18
2.4. HORARIO das probas	páx. 22
3. ADMISIÓN E MATRÍCULA	páx. 23
 En titulacións do SUG	
3.1. TITULACIÓN S EN LÍMITE DE PRAZAS (de matrícula inmediata)	páx. 23
3.2. TITULACIÓN S CON LÍMITE DE PRAZAS	páx. 23
3.2.1. Normativa de carácter xeral	páx. 23
3.2.2. Prioridade na adxudicación das prazas	páx. 26
3.2.3. Prioridade temporal na adxudicación	páx. 26
3.2.4. Distribución de prazas por colectivos	páx. 27
3.2.5. Criterios de valoración para a adxudicación	páx. 28
3.3. VINCULACIÓN das TITULACIÓN S do SUG coa opción cursada no Bacharelato LOXSE e no COU	páx. 30
3.4. ACCESO Á UNIVERSIDADE dende a FORMACIÓN PROFESIONAL	páx. 32
3.4.1. Ciclos Formativos de Grao Superior, Formación Profesional de Segundo Grao e Módulos Profesionais de Nivel 3	páx. 33
3.4.2. Ciclos Formativos de Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño	páx. 44
3.4.3. Ciclos Formativos de Ensinanzas Deportivas	páx. 45
3.5. CALENDARIO de PREINSCRIPCIÓN para a presentación das SOLICITUDES de ADMISIÓN	páx. 46
3.5.1. Convocatoria de xuño	páx. 46
3.5.2. Convocatoria de setembro	páx. 48

3.6. DOCUMENTACIÓN a presentar na PREINSCRICIÓN	páx. 50
3.6.1. Común para todos os/as solicitantes	páx. 50
3.6.2. Específica segundo os diferentes colectivos	páx. 50
3.7. CALENDARIO de MATRÍCULA en titulacións do SUG	páx. 53
3.7.1. Titulacións sen límite de prazas (de matrícula inmediata)	páx. 53
3.7.2. Titulacións con límite de prazas	páx. 53
3.7.3. Lugares de matrícula	páx. 55
3.8. Procedemento para a ADMISIÓN no SUG	páx. 56
3.8.1. Primeira convocatoria de matrícula	páx. 56
3.8.2. Sucesivas convocatorias de matrícula	páx. 56

4. REFERENCIAS LEGAIS páx. 57

5. IMPRESOS: Instrucións para cubrilos páx. 59

5.1. Instrucións para cubrir os impresos de lectora óptica	páx. 59
---	---------

5.2. IMPRESOS PARA AS PAAU	páx. 60
5.2.1. Impreso de prematrícula	páx. 60
5.2.2. Impreso de matrícula	páx. 61
5.2.3. Instrucións para cubrir os impresos das PAAU	páx. 62
5.2.4. Solicitud de dobre corrección e reclamación	páx. 63
5.2.5. Solicitud de reclamación á dobre corrección	páx. 64
5.2.6. Instrucións para cubrir os impresos de reclamación	páx. 65

5.3. IMPRESOS PARA A PREINSCRICIÓN	páx. 66
5.3.1. Solicitud anticipada de admisión	páx. 66
5.3.2. Solicitud ordinaria de admisión	páx. 67
5.3.3. Impreso para a reclamación á preinscripción	páx. 68

6. TITULACIÓN DO SUG (Sistema Universitario de Galicia) páx. 69

6.1. SEN LÍMITE de PRAZAS (de Matrícula Inmediata)	páx. 69
6.2. CON LÍMITE de PRAZAS	páx. 71
6.3. TITULACIÓN PROPIAS	páx. 74

6.4. NOTAS DE CORTE (ordenadas por bloques de preferencia) do último alumno convocado no curso 2007-2008	páx. 75
6.4.1. Colectivo PAAU – COU (notas de referencia)	páx. 75
6.4.2. Colectivo FP (notas de referencia)	páx. 78

6.5. NOTAS DE CORTE (ordenadas por Universidade e Campus) do último alumno convocado no curso 2007-2008	páx. 80
--	---------

7. LERD páx. 83

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación

8. SERVIZOS DE INFORMACIÓN páx. 84

Servizos de información das universidades do SUG



SC
UNIVERSIDADE
SANTIAGO
COMPOSTELA

Guía 2008
de Acceso ao Sistema
Universitario de Galicia

Edita:

**Comisión Interuniversitaria
de Galicia, CIUG**

Diseño:

Artia>DLF · Jose DelaFuente

Impresión:

Grafisant

Dep. Legal:

C 634-2008



1. Introducción

A Orde do 19 de febreiro de 2008 (DOG do 6 de marzo), regula o proceso de incorporación dos estudantes, para o curso 2008-2009, ao nivel universitario do ensino nos centros das tres universidades galegas.

Salientamos os seguintes aspectos:

* No caso de Galicia, o Sistema Universitario Galego (SUG) aplica o principio de distrito único para os estudantes.

Isto quere dicir que os estudantes en Galicia se incorporan a calquera centro de ensino universitario con independencia do lugar da Comunidade Autónoma onde cursaren os estudos de secundaria ou realizaren as Probas de Acceso á Universidade.

* Para conxugar, no momento da incorporación dos estudantes ao ensino universitario e nos procedementos de acceso e ingreso, os principios de distrito único e distrito aberto, autonomía universitaria e coordinación dos procedementos e das competencias, as tres universidades de Galicia asinaron un convenio específico para a organización e desenvolvemento das probas de acceso e asignación de prazas no Sistema Universitario de Galicia; establecendo como comisión organizadora, a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), tal e como se dispón no artigo 5º do Real decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios (BOE do 27 de outubro).

A presente información vai dirixida aos estudantes procedentes do segundo curso do Bacharelato LOXSE e do Curso de Orientación Universitaria (COU) que pretendan realizar as Probas de Acceso á Universidade, así como aos titulados de formación profesional, aos titulados universitarios e aos alumnos do SUG que superasen as probas de acceso para maiores de 25 anos e que desexen matricularse en calquera das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia.

2. PAAU

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

2.1. NORMATIVA DAS PAAU

2.1.1. ALUMNADO DO BACHARELATO LOXSE

A proba de acceso á universidade para o alumnado que siga as ensinanzas de Bacharelato valorará con carácter obxectivo, xunto coas cualificacións obtidas no bacharelato, a madurez académica do alumnado e os coñecementos adquiridos nas ensinanzas desta etapa.

A proba de acceso á universidade, que se realizará en chamamento único por convocatoria, calquera que sexa a modalidade cursada, versará sobre os contidos das materias do segundo curso do bacharelato.

Poderá participar na proba de acceso á universidade o alumnado que estea en posesión do título de Bacharelato, establecido na Lei Orgánica 1/1990, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, así como o alumnado que teña superado en anos académicos anteriores o Curso de Orientación Universitaria.

As PAAU consta de dúas partes:

Primeira parte da proba

A primeira parte da proba, de carácter xeral, versa sobre as **materias comúns** do segundo curso do Bacharelato. O seu obxectivo é apreciar a formación xeral do alumnado e estará concibida para avaliar destrezas académicas básicas, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe e as capacidades para analizar, relacionar e sintetizar, expresar ideas e, así mesmo, o coñecemento dunha lingua estranxeira.

Esta primeira parte da proba constará de catro exercicios dunha hora e media de duración:

- a) Composición dun texto de carácter histórico ou filosófico:**
Composición dun texto sobre un tema ou cuestión de carácter histórico ou filosófico a partir de diversas fontes documentais incluídas na proposta de exame. A composición deberá integrar os coñecementos do alumnado e a información facilitada. Nesta proposta ofertaráselle ao alumnado dúas probas de entre as cales elixirá unha. A devandita elección farase polo alumnado no impreso de matrícula para as PAAU, que se deberá entregar nos centros de Bacharelato.
- b) Análise dun texto en idioma estranxeiro, da linguaxe común, non especializada:**
A partir do texto proposto o estudante realizará un comentario persoal e responderá cuestións relacionadas co texto, que serán formuladas e respondidas por escrito no mesmo idioma, sen axuda de dicionario nin de ningún outro material didáctico. Nesta proposta ofertaráselle ao alumnado dúas probas de entre as cales elixirá unha. A proba constará de dúas partes, unha proba escrita e unha proba de audición. A proba de audición soamente se terá en conta a efectos de mellora da cualificación.
- c) Análise e comprensión dun texto de lingua castelá e literatura:**
A proposta, que consistirá en dúas probas das cales o alumnado elixirá unha, constará de tres partes, nas que se medirá: a capaci-

dade de análise e síntese do contido do texto mediante a elaboración dun resumo e/ou esquema; o comentario crítico sobre o contido do texto e as respostas a un cuestionario de lingua castelá e literatura relacionadas co texto.

d) Análise e comprensión dun texto de lingua galega e literatura:

A proposta, que consistirá en dúas probas das cales o alumnado elixirá unha, constará de tres partes, nas que se medirá: a capacidade de análise e síntese do contido do texto mediante a elaboración dun resumo e/ou esquema; o comentario crítico sobre o contido do texto e as respostas a un cuestionario de lingua galega e literatura relacionadas co texto. O alumnado que teña exención en lingua galega nalgún dos dous cursos do Bacharelato non terá que facer este exercicio. Tamén terá dereito de exención de Lingua Galega nas PAAU o alumnado que non cursase en Galicia algún dos dous cursos do Bacharelato.

Segunda parte da proba

A segunda parte da proba, de carácter específico, versa sobre **tres materias propias de modalidade do segundo curso**. Entre elas, necesariamente incluíranse as dúas materias vinculadas a cada vía de acceso; a terceira elixíraa libremente o estudante entre as materias propias de modalidade cursadas.

Esta segunda parte da proba apreciará a formación especializada do alumnado e estará concibida para avaliar destrezas básicas da especialidade, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe específica e as capacidades de analizar, relacionar e sintetizar.

Respecto a estas materias, o alumnado necesariamente se debere examinar das seguintes disciplinas vinculadas ás vías de acceso que se sinalan:

Vía Científico - Tecnolóxica:	Matemáticas e Física.
Vía Ciencias da Saúde:	Bioloxía e Química.
Vía Humanidades:	Latín e Historia da Arte.
Vía Ciencias Sociais:	Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais e Xeografía.
Vía Artes:	Debuxo Artístico e Historia da Arte.

En cada unha destas materias ofertaráselle ao alumnado dúas opcións de entre as cales elixirá unha ou un único exame con diversas posibilidades de resposta. Estes exames poderán incluír comentarios, cuestións ou repertorios de problemas ou preguntas.

A duración dos exercicios destas materias será de hora e media para cada un deles.

Para a superación da proba, os estudantes poderán presentarse por unha ou dúas das vías de acceso previstas:

Acceso por unha vía:

Constará de **tres exercicios** dunha hora e media de duración cada un deles, sobre unha proposta a escoller entre dúas que se lle entregarán ao alumnado. Os exercicios versarán sobre tres materias propias de modalidade do segundo curso, entre as cales deben figurar as dúas vinculadas á vía pola que se accede.

Acceso por dúas vías:

Constará de **catro exercicios** dunha hora e media de duración cada un deles, sobre unha proposta a escoller entre dúas que se lle entregarán ao alumnado. Neste caso os alumnos/as deberán examinarse das catro materias vinculadas ás vías de acceso elixidas.

Para o alumnado que se presente ás PAAU polas **vías de Humanidades e Artes**, a 2ª parte da proba constará de **tres materias**, xa que a materia de Historia da Arte é obrigatoria das dúas vías de acceso sinaladas anteriormente (materias: *Latín, Historia da Arte e Debuxo Artístico*).

Cualificación dos exercicios

Cada un dos exercicios que compoñen a proba de acceso cualifícase entre cero e dez puntos.

A cualificación da **primeira parte da proba** será a media aritmética dos catro exercicios que a compoñen.

A cualificación da **segunda parte da proba** se fará do seguinte xeito:

Alumnado que se presente por unha vía de acceso (tres exercicios): obterase sumando o 40 por 100 das cualificacións obtidas en cada unha das materias vinculadas á vía e o 20 por 100 da cualificación obtida na materia de libre elección:

Materia vinculada á vía * 0,4 + Materia vinculada á vía * 0,4
+ Materia de libre elección * 0,2

Alumnado que se presente por dúas vías de acceso (catro exercicios): os alumnos/as terán dúas cualificacións, unha por cada vía de acceso que se obterá sumando o 40 por 100 das cualificacións obtidas en cada unha das materias vinculadas á vía e o 20 por 100 da cualificación máis alta das obtidas nas materias correspondentes á outra vía:

Materia vinculada á vía * 0,4 + Materia vinculada á vía * 0,4
+ Materia da outra vía con mellor nota * 0,2

No caso do alumnado que se presente polas **vías de Humanidades e Artes**, que se examinará de tres materias (Latín, Historia da Arte e Debuxo Artístico), a cualificación da segunda parte da proba obterase sumando o 40 por 100 das cualificacións obtidas en cada unha das materias vinculadas á vía e o 20 por 100 da cualificación obtida na materia correspondente á outra vía.

Materia vinculada á vía * 0,4 + Materia vinculada á vía * 0,4
+ Materia da outra vía * 0,2

Cualificación global das PAAU

A cualificación global da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas partes.

Para ser declarado apto por unha vía de acceso deberanse obter, cando menos, **catro** puntos na cualificación global desa vía.

Cando se acceda por **dúas vías**, para a segunda parte da proba haberá **dúas cualificacións**, unha para cada unha das vías, calculadas polo mesmo procedemento establecido no apartado anterior.

Cualificación DEFINITIVA

A cualificación definitiva para o acceso á universidade se calculará ponderando un **40 por 100 a cualificación da proba** e un **60 por 100 a nota media do expediente académico** do alumnado no Bacharelato. Para considerar superada a proba de acceso á universidade por unha vía, deberase acadar unha puntuación de **cinco ou superior** na cualificación definitiva.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN

Os criterios específicos de avaliación establecidos polos Directores/as dos Grupos de Traballo de cada materia do Bacharelato faranse públicos unha vez realizados os exames e servirán de base para a corrección dos exercicios e resolución das revisións dos exames que solicite o alumnado. Nos modelos que se entreguen ao alumnado se fará constar a puntuación máxima que se outorgará a cada pregunta.

REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

Unha vez publicadas as cualificacións das probas, o alumnado, cando considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais e específicos de corrección, poderá presentar no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, solicitude de dobre corrección a unhas materias e solicitude de reclamación a outras materias distintas. O alumnado non poderá presentar simultaneamente solicitude de dobre corrección e solicitude de reclamación sobre unha mesma materia.

Procedemento das solicitudes de reclamación

O prazo de presentación desta **solicitude de reclamación**, perante a Comisión Organizadora, será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións. Os exercicios sobre os que se solicitase esta reclamación serán revisados por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección.

A cualificación será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior a outorgada despois da primeira corrección, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta.

Procedemento das solicitudes de dobre corrección

a) O prazo de presentación desta **solicitude de dobre corrección** será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións. Farase perante o presidente do Tribunal Único e os exercicios sobre os que se solicitase a dobre corrección serán avaliados por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección.

A cualificación resultará da media aritmética de ámbalas correccións, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta e non a media aritmética. No suposto de que existise unha diferenza de tres ou máis puntos entre ámbalas cualificacións, un tribunal distinto efectuará unha terceira corrección, outorgando a cualificación que resolverá a solicitude de dobre corrección. Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

b) No prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación da resolución da dobre corrección, o alumnado que non estea conforme coa cualificación poderá presentar, ante a comisión organizadora, **solicitude de reclamación sobre materias nas que previamente solicitase a dobre corrección**. A cualificación será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da dobre corrección, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta.

As **solicitudes de dobre corrección** e de **reclamación** presentaranse nos **Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD)**, empregando os **impresos específicos** contidos nos sobres de matrícula.

No caso do alumnado que presente as solicitudes de dobre corrección e/ou reclamación na Internet, deberase imprimir dita solicitude e entregala, dentro dos prazos establecidos, nos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD).

Contra a resolución adoptada pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dicte resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

NÚMERO DE CONVOCATORIAS

Cada alumno/a disporá dun número máximo de **catro convocatorias como máximo para a superación da proba**. Non se considerará consumida a convocatoria cando o alumno/a non se presentase a ningún dos exercicios.

REPETICIÓN DAS PAAU PARA MELLORAR A CUALIFICACIÓN

O alumnado que teña superada a proba de acceso á universidade poderá **presentarse de novo en sucesivas convocatorias, ordinarias e extraordinarias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación.**

A cualificación global obtida nas convocatorias para mellora de nota será tida en conta unicamente se é superior á outorgada anteriormente.

No caso de que o alumno/a teña superada a proba de acceso á universidade por dúas vías, cando se faga uso desta posibilidade, a proba realizárase por só unha das distintas vías de acceso previstas.

No caso de que o alumno/a se presentase á proba de acceso á universidade por dúas vías, tendo superada a proba por só unha delas, poderá presentarse de novo polas dúas vías, coa finalidade de superar a proba pola vía de acceso suspensa e para mellorar a súa nota pola vía de acceso aprobada.

As novas probas deberanse realizar na mesma universidade, agás que se xustifique debidamente un cambio de residencia.

A posibilidade de repetición da proba non será obstáculo para que o/a estudante poida formalizar a súa matrícula na universidade no ano en curso no que realice a devandita proba.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN DO BACHARELATO LOXSE

O cálculo da nota media do expediente académico do alumnado que teña cursado o segundo curso do Bacharelato previsto na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, débese facer conforme co disposto na Orde do 10 de decembro de 1992 (BOE do 12 de xaneiro de 1993) e na Resolución do 21 de decembro de 1995 (BOE do 11 de xaneiro de 1996).

Nas devanditas Ordes establécese que: "A nota media do expediente farase computando, exclusivamente, as cualificacións obtidas nas materias comúns, específicas e optativas dos dous cursos da modalidade de Bacharelato cursada ou, no seu caso, dos cursos declarados equivalentes nos cadros recollidos nos Anexos I, II e VI do Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño". Polo tanto, para o alumnado que estea a cursar o segundo curso de Bacharelato LOXSE e proceda do anterior sistema educativo, o curso equivalente ao primeiro curso do Bacharelato LOXSE será o terceiro curso do BUP.

Para a obtención desta nota media consígnase un só decimal, decimal que se determinará mediante o seguinte redondeo: cando as centésimas da cualificación sexan iguais ou superiores a cinco redondearase por exceso; e cando as centésimas da cualificación sexan iguais ou inferiores a catro redondearase por defecto.

Para o cálculo da nota media do expediente non incluírase a cualificación obtida nas ensinanzas de relixión católica, de conformidade co disposto no artigo 16.3º do Real decreto 1700/1991, do 29 de novembro (BOE do 2 de decembro).

2.1.2. ALUMNADO DO COU

O alumnado que teña superado o Curso de Orientación Universitaria (COU) ou que teña obtido a validación polo mesmo dos seus estudos estranxeiros, deberá presentarse ás Probas de Acceso á Universidade establecidas polo Real Decreto 1640/1999, do 22 de outubro (BOE do 27), elixindo libremente unha ou dúas das vías de acceso previstas no artigo 8º.2. do devandito Real Decreto.

Este alumnado elixirá unha ou dúas das vías de acceso establecidas no número 4 do artigo 8º do Real decreto 1640/1999, coa modificación establecida polo Real Decreto 1025/2002 e que se recollen a continuación.

Vía Certífico-Tecnolóxica:	<i>Matemáticas e Física.</i>
Vía Ciencias da Saúde:	<i>Biloxía e Química.</i>
Vía Humanidades:	<i>Latín e Historia da Arte.</i>
Vía Ciencias Sociais:	<i>Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais e Xeografía.</i>
Vía Artes:	<i>Debuxo Artístico e Historia da Arte.</i>

Ademais, o alumnado de COU deberá cubrir os impresos de prematrícula e matrícula nas PAAU que serán remitidos no mes de maio pola CiUG aos centros de ensino secundario e aos LERD. O alumnado de COU deberá escoller nos devanditos impresos entre a composición dun texto sobre un tema ou cuestión de carácter histórico ou filosófico.

Finalmente, o alumnado de COU deberá presentarse ás PAAU polo mesmo centro no que cursou o COU (sempre que o mesmo estea a impartir no presente curso estudos de Bacharelato), agás no caso de que teña realizado o traslado do seu expediente a outro centro distinto antes da data da matrícula anticipada (5 de maio).

2.2. DOCUMENTACIÓN PARA A MATRÍCULA DAS PAAU

2.2.1. COMÚN PARA TODOS OS ESTUDANTES

- * Fotocopia do DNI ou Pasaporte (no caso de estranxeiros).
- * Libro de Cualificación Escolar dilixenciado coa avaliación positiva obtida no Bacharelato ou no COU.
- * Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención dos mesmos segundo o estipulado na convocatoria de matrícula que se fará pública nos taboleiros dos centros de ensino secundario. Utilizarase para isto unicamente o impreso oficial que se facilitará nos centros de ensino secundario ou nos lugares de entrega e recollida de documentación (LERD).
- * Impresos de prematrícula e matrícula nas PAAU: se deberán cubrir os datos persoais, académicos e de matrícula para as PAAU (vía ou vías de acceso, modalidade de texto histórico ou filosófico escollida, lingua estranxeira e terceira materia optativa).

Nota: A matrícula ordinaria das PAAU dos alumnos do SUG procedentes dos centros do Bacharelato LOXSE deberá facerse obrigatoriamente por un/ha representante do centro, tal e como se recolle na Resolución do 14 de outubro de 1994 (BOE do 25 de outubro).

2.2.2. ALUMNADO DE MATRÍCULA ANTICIPADA

Alumnado con Bacharelato LOXSE ou COU aprobado con anterioridade ao curso actual

- * Certificación expedida polo centro das cualificacións do Bacharelato LOXSE, segundo modelo oficial LOXSE-4 (alumnos do Bacharelato LOXSE).
- * Certificación expedida polo centro das cualificacións do BUP e do COU, segundo modelo oficial COU-4 (alumnos que superaron o COU).

O **alumnado de Bacharelato LOXSE** presentarse ás PAAU polo mesmo centro no que cursara o segundo curso do Bacharelato LOXSE, agás os/as que teñan realizado o traslado do seu expediente a outro centro distinto antes da data de matrícula anticipada da convocatoria de xuño (5 de maio).

O **alumnado de COU** presentarase ás PAAU polo mesmo centro no que cursou o COU (sempre que o centro estea a impartir no presente curso estudos de Bacharelato), agás no caso de que teñan realizado o traslado do seu expediente a outro centro distinto antes da data da matrícula anticipada (5 de maio).

Se o alumno xa se presentou ás PAAU no SUG, abonda con presentar o Libro de Cualificación Escolar e a Tarxeta de Cualificación das PAAU.

Alumnado do SUG con PAAU aprobadas en anos anteriores que desexe mellorar a cualificación acadada anteriormente:

- * Libro de Cualificación Escolar e fotocopia da Tarxeta de Cualificación das PAAU.

Alumnado de distritos universitarios de fóra de Galicia que teña as PAAU aprobadas en anos anteriores e desexe mellorar a cualificación acadada anteriormente:

- * Libro de Cualificación Escolar e fotocopia da Tarxeta de Cualificación das PAAU.
- * Acreditación da súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- * Resolución da Inspección de Bacharelato de adscrición ao centro polo que concorrerá ás probas.

Alumnado con Bacharelato LOXSE ou COU aprobado noutra Comunidade Autónoma

Aqueles que nunca se presentaron ás PAAU:

Certificación das cualificacións do bacharelato LOXSE ou do BUP e do COU, segundo os modelos oficiais LOXSE-4 ou COU-4, expedida polo centro de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia ao que traslada o seu expediente.

Aqueles que se presentaron ás PAAU noutra Universidade:

- a) Certificación da universidade de procedencia na que se faga constar o expediente do bacharelato LOXSE ou, no seu caso, a nota media resultante do mesmo, así como a opción ou opcións do bacharelato LOXSE, materias propias de modalidade cursadas e o número de convocatorias esgotadas (*para alumnos do Bacharelato LOXSE*).
- b) Certificación da universidade de procedencia na que se faga constar o expediente do BUP e do COU ou, no seu caso, a nota media resultante do mesmo, así como a opción do COU, materias optativas cursadas e o número de convocatorias esgotadas (*para alumnos que cursaron o COU*).
- c) Resolución da Inspección de Bacharelato de adscrición ao centro polo que concorrerá ás probas.

2.2.3. ALUMNADO CON ESTUDOS ESTRANXEIROS VALIDADOS

- a) Xustificante de ter concedida polo Ministerio de Educación e Ciencia a validación dos seus estudos polo segundo curso do Bacharelato LOXSE ou polo COU ou, no seu caso, de tela solicitada.
- b) Documento expedido pola Inspección de Bacharelato da Xunta de Galicia que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma.
- c) Certificado, debidamente legalizado e traducido ao galego ou ao castelán, dos estudos cursados no estranxeiro que foron obxecto de validación.

Nota: Estes alumnos/as non figurarán nas Actas de Cualificacións definitivas ata que presenten o xustificante de ter concedida polo Ministerio de Educación e Ciencia a validación dos seus estudos.

2.2.4. ALUMNADO DE MÚSICA OU DANZA

O alumnado que estea en posesión do título de Bacharelato obtido ao amparo do artigo 41.2. da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Resolución da Inspección de Bacharelato de adscrición ao centro polo que concorrerá ás probas.
- b) Certificación de estar en posesión do título de Bacharelato.
- c) Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos de Música ou Danza.

O alumnado de Música ou Danza poderá presentarse a proba por unha ou dúas das vías de acceso previstas, elixidas libremente no momento de formalizaren a súa matrícula. Fará completa a primeira parte da proba, da segunda parte da proba, examinarase unicamente das materias vinculadas á vía ou vías elixidas.

A cualificación da primeira parte da proba será a media aritmética dos catro exercicios. A cualificación da segunda parte da proba será a media aritmética das cualificacións das materias vinculadas á vía e, no caso de acceder por dúas vías, haberá dúas cualificacións, unha para cada unha das vías de acceso.

2.3. CALENDARIO DAS PAAU

2.3.1. CONVOCATORIA DE XUÑO

MAIO

▼ Días 5-23

Matrícula Anticipada COU para a realización das PAAU do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

- a) Alumnado que teña aprobado o COU en convocatorias anteriores ao curso actual, pero non teña aprobadas as PAAU.
- b) Alumnado de COU que tendo aprobadas as PAAU no distrito universitario de Galicia nas convocatorias de cursos anteriores desexe mellorar a súa cualificación.
- c) Alumnado de COU procedente de distritos universitarios de fóra de Galicia.
- d) Alumnos/as españois e estranxeiros con estudos cursados no estranxeiro validados por COU.
- e) Alumnado de COU que tendo aprobadas as PAAU en distritos universitarios de fóra de Galicia nas convocatorias de cursos anteriores desexe mellorar a súa cualificación (*deberá acreditar a súa residencia en Galicia*).

O lugar de matrícula serán os LERD (ver apartado 7).

▼ Días 5-23

Matrícula Anticipada LOXSE para a realización das PAAU do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

- a) Alumnado que teña aprobado o Bacharelato LOXSE en convocatorias anteriores ao curso actual, pero non teña aprobadas as PAAU.
- b) Alumnado de Bacharelato LOXSE que tendo aprobadas as PAAU no distrito universitario de Galicia nas convocatorias de cursos anteriores desexe mellorar a súa cualificación.
- c) Alumnado de Bacharelato LOXSE procedente de distritos universitarios de fóra de Galicia.
- d) Alumnos/as españois e estranxeiros con estudos cursados no estranxeiro que estean validados polo segundo curso do bacharelato LOXSE.
- e) Alumnado de Bacharelato LOXSE que tendo aprobadas as PAAU en distritos universitarios de fóra de Galicia nas convocatorias de cursos anteriores desexe mellorar a súa cualificación (*deberán acreditar a súa residencia en Galicia*).
- f) Alumnos/as que estean en posesión do título de Bacharelato, obtido ao amparo do artigo 41.2. da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro (Alumnado de Música e Danza).

O lugar de matrícula serán os LERD (ver apartado 7).

▼ Día 26

Data límite para a **Avaliación final de xuño do segundo curso do Bacharelato** nos centros de Ensino Medio de Galicia.

▼ Días 27-28

Prazo de presentación de **reclamacións ás cualificacións do segundo curso do Bacharelato** (Lugar: Centros).

▼ Días 27-30

Prazo de matrícula para as PAAU nos centros de Bacharelato: o alumnado deberá presentar as súas solicitudes de prematrícula e matrícula para examinarse das PAAU.

XUÑO

▼ Días 2-3

Matrícula Ordinaria LOXSE: para a realización das PAAU do alumnado do SUG que aprobe o segundo curso do Bacharelato LOXSE na convocatoria de xuño do ano en curso.

O lugar de matrícula serán os centros de ensino secundario onde os alumnos/as cursaren o segundo curso do Bacharelato. A matrícula no LERD deberá facerse segundo o horario de matrícula establecido na convocatoria de matrícula que se remitirá aos centros con data de 30 de abril, e farase obrigatoriamente por un/ha representante do centro (Resolución do 14 de outubro de 1994 – BOE do 25 de outubro).

O lugar de matrícula serán os LERD (ver apartado 7).

▼ Día 9

Publicación da listaxe de matriculados para as PAAU nos centros de Bacharelato: o alumnado deberá revisar os seus persoais, académicos e de matrícula para as PAAU.

▼ Día 10

Matrícula extraordinaria PAAU: alumnado que aprobe o segundo curso do Bacharelato despois das reclamacións.

▼ Días 10-11

Prazo de presentación de reclamacións á listaxe de matriculados: o alumnado deberá presentar as súas reclamacións na secretaría dos centros de Bacharelato.

▼ Días 18-19-20

REALIZACIÓN DAS PAAU DE XUÑO (ver horario na páxina 22).

▼ Día 23

Criterios específicos de avaliación: envío por parte da CiUG para a súa publicación nos centros onde se realizaron as probas, nos centros de ensino secundario e nos LERD (exposición na Internet).

▼ Día 30

Cualificacións provisionais das PAAU: difusión na internet e exposición na CiUG das actas provisionais das PAAU (a partir das 15,00 horas).

Nota: Os **centros de ensino secundario** poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións das PAAU correspondente ao seu centro directamente na páxina web da CiUG.

XULLO

▼ Días 1-2

Envío por correo urgente **aos centros de ensino secundario** das **Tarxetas de Cualificación das PAAU.**

▼ Días 1-3

Solicitudes de dobre corrección das cualificacións das PAAU: *prazo de presentación* que se fará exclusivamente nos LERD empregando soamente o modelo de solicitude contido no sobre de matrícula. Tamén poderá facerse na Internet, aínda que o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude e entregala no LERD dentro do prazo.

XULLO

▼ Días 1-3

Solicitudes de reclamacións para a revisión das cualificacións das PAAU: *prazo de presentación* que se fará exclusivamente nos LERD empregando soamente o modelo de solicitude contido no sobre de matrícula. Tamén poderán facerse na Internet, aínda que o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude e entregala no LERD dentro do prazo.

▼ Día 7

Anexos de resolución das solicitudes de dobre corrección das cualificacións das PAAU: exposición na CiUG e difusión na Internet (a partir das 10,00 horas).

Anexos de resolución das solicitudes de reclamación para a revisión das cualificacións das PAAU: exposición na CiUG e difusión na Internet (a partir das 10,00 horas).

▼ Día 8

Envío por correo urxente **aos centros de ensino secundario das Tarxetas de Cualificación das PAAU con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión de exames.**

▼ Días 8-10

Reclamacións á dobre corrección para a revisión das cualificacións das PAAU: *prazo de presentación* que se fará exclusivamente nos LERD empregando soamente o modelo de solicitude contido no sobre de matrícula. Tamén poderán facerse na Internet, aínda que o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude e entregala no LERD dentro do prazo.

Soamente poderán presentar esta solicitude neste prazo **aqueles alumnos/as que**, no prazo do 1 ao 3 de xullo, **solicitasen a dobre corrección.**

▼ Día 11

Actas de resolución das reclamacións ás cualificacións das PAAU: exposición na CiUG e nos LERD das *cualificacións definitivas* (a partir das 15,00 horas).

▼ Día 14

Envío por correo urxente **aos centros de ensino secundario dos Libros de Cualificación Escolar e das Tarxetas de Cualificación das PAAU con modificación de nota despois do segundo prazo de revisión de exames.**

2.3.2. CONVOCATORIA DE SETEMBRO

SETEMBRO

▼ Días 1-5

Matrícula Anticipada LOXSE para a realización das PAAU do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

- Alumnado do SUG con Bacharelato LOXSE que suspendeu as PAAU na convocatoria de xuño.
- Alumnado do SUG que tendo aprobado o Bacharelato LOXSE en xuño do curso actual ou en cursos anteriores, non se matriculou en xuño.

- c) Alumnado de Bacharelato LOXSE do SUG que tendo aprobadas as PAAU, desexe mellorar a súa cualificación.
- d) Alumnos/as estranxeiros e doutros distritos universitarios que tendo aprobado o Bacarelato LOXSE, non se matricularon en xuño.
- e) Alumnado de Bacharelato LOXSE que tendo aprobadas as PAAU en distritos universitarios de fóra de Galicia en convocatorias anteriores á actual, desexe mellorar a súa cualificación (*deberá xustificar a súa residencia en Galicia*).
- f) Alumnos/as que estean en posesión do título de Bacharelato, obtido ao amparo do artigo 41.2. da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro (Alumnos/as de Música e Danza).
- g) Alumnado do SUG con COU que suspendeu as PAAU na convocatoria de xuño.
- h) Alumnado do SUG que tendo aprobado o COU en cursos anteriores, non se matriculou en xuño.
- i) Alumnado de COU do SUG que tendo aprobadas as PAAU, desexe mellorar a súa cualificación.
- j) Alumnos/as estranxeiros e doutros distritos universitarios que tendo aprobado o COU non se matricularon en xuño.
- k) Alumnado de COU que tendo aprobadas as PAAU en distritos universitarios de fóra de Galicia en convocatorias anteriores á actual, desexe mellorar a súa cualificación (*deberá xustificar a súa residencia en Galicia*).

O lugar de matrícula serán os LERD (ver apartado 7).

▼ Día 5

Data límite para a **Avaliación final de setembro do segundo curso do Bacharelato** nos centros de Ensino Medio de Galicia.

▼ Día 5

Prazo de matrícula para as PAAU nos centros de Bacharelato: o alumnado deberá presentar as súas solicitudes de prematrícula e matrícula para examinarse das PAAU.

▼ Día 8

Matrícula Ordinaria LOXSE: para a realización das PAAU do alumnado do SUG que aprobe o segundo curso do Bacharelato LOXSE na convocatoria de setembro do ano en curso.

O lugar de matrícula serán os centros de ensino secundario onde os alumnos/as cursaren o segundo curso do Bacharelato. A matrícula no LERD deberá facerse segundo o horario de matrícula establecido na convocatoria de matrícula que se remitirá aos centros con data de 30 de agosto, e farase obrigatoriamente por un/ha representante do centro (Resolución do 14 de outubro de 1994 – BOE do 25 de outubro).

O lugar de matrícula serán os LERD (ver apartado 7).

▼ Días 8-9

Prazo de presentación de **reclamacións ás cualificacións do segundo curso do Bacharelato** (Lugar: Centros).

▼ Día 11

Publicación da listaxe de matriculados para as PAAU nos centros de Bacharelato: o alumnado deberá revisar os seus persoais, académicos e de matrícula para as PAAU.

SETEMBRO

▼ Día 12

Prazo de presentación de reclamacións á listaxe de matriculados: o alumnado deberá presentar as súas reclamacións na secretaria dos centros de Bacharelato.

▼ Día 16

Matrícula extraordinaria PAAU: alumnado que aprobe o segundo curso do Bacharelato despois das reclamacións.

▼ Días 17-18-19

REALIZACIÓN DAS PAAU DE SETEMBRO

(ver horario na páxina 22).

▼ Día 22

Criterios específicos de avaliación: envío por parte da CiUG para a súa publicación nos centros onde se realizaron as probas, nos centros de ensino secundario e nos LERD (exposición na Internet).

▼ Día 26

Cualificacións provisionais das PAAU: difusión na internet e exposición na CiUG das *actas provisionais das PAAU* (a partir das 16,00 horas).

Nota: Os **centros de ensino secundario** poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións das PAAU correspondente ao seu centro directamente na páxina web da CiUG.

▼ Días 29-30

Envío por correo urgente **aos centros de ensino secundario** das **Tarxetas de Cualificación das PAAU.**

SETEMBRO-OUTUBRO

▼ Días 29 set-1 out

Solicitudes de dobre corrección das cualificacións das PAAU: *prazo de presentación* que se fará exclusivamente nos LERD empregando soamente o modelo de solicitude contido no sobre de matrícula. Tamén poderá facerse na Internet, aínda que o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude e entregala no LERD dentro do prazo.

Solicitudes de reclamacións para a revisión das cualificacións das PAAU: *prazo de presentación* que se fará exclusivamente nos LERD empregando soamente o modelo de solicitude contido no sobre de matrícula. Tamén poderán facerse na Internet, aínda que o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude e entregala no LERD dentro do prazo.

OUTUBRO

▼ Día 3

Anexos de resolución das solicitudes de dobre corrección das cualificacións das PAAU: exposición na CiUG e nos LERD (a partir das 10,00 horas).

Anexos de resolución das solicitudes de reclamación para a revisión das cualificacións das PAAU: exposición na CiUG e nos LERD (a partir das 10,00 horas).

▼ Día 6

Envío por correo urgente **aos centros de ensino secundario** das **Tarxetas de Cualificación das PAAU con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión de exames.**

▼ Días 7-9

Reclamacións á dobre corrección para a revisión das cualificacións das PAAU: *prazo de presentación* que se fará exclusivamente nos LERD empregando soamente o modelo de solicitude contido no sobre de matrícula. Tamén poderán facerse na Internet, aínda que o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude e entregala no LERD dentro do prazo.

Soamente poderán presentar esta solicitude neste prazo **aqueles alumnos/as que**, no prazo do 29 de setembro ao 1 de outubro, **solicítasen a dobre corrección.**

▼ Día 10

Actas de resolución das reclamacións ás cualificacións das PAAU: exposición na CiUG e nos LERD das *cualificacións definitivas* (a partir das 15,00 horas).

▼ Día 13

Envío por correo urgente **aos centros de ensino secundario** dos **Libros de Cualificación Escolar** e das **Tarxetas de Cualificación das PAAU con modificación de nota despois do segundo prazo de revisión de exames.**

2.4. HORARIO DAS PAAU

PRIMEIRO DÍA / PRIMEIRA PARTE DA PROBA	
<u>MAÑÁ</u>	
9,00 h	Presentación
10,00 h	Análise e comprensión dun texto en Lingua Castelá e Lit.
11,30 h	Descanso
12,00 h	Análise e comprensión dun texto en Lingua Galega e Lit.
13,30 h	Fin sesión
<u>TARDE</u>	
16,00 h	Composición dun Texto de carácter Histórico ou Filosófico
17,30 h	Descanso
18,00 h	Lingua estranxeira
19,30 h	Fin sesión

SEGUNDO DÍA / SEGUNDA PARTE DA PROBA	
<u>MAÑÁ</u>	
10,00 h	<i>Vías CC. da Saúde e Científico-Tecnolóxica:</i> Matemáticas <i>Vía Artes:</i> Latín
11,30 h	Descanso
12,00 h	<i>Vías CC. da Saúde e Científico-Tecnolóxica:</i> Física <i>Vía Ciencias Sociais:</i> Xeografía
13,30 h	Fin sesión
<u>TARDE</u>	
16,00 h	<i>Vías Ciencias da Saúde e Científico-Tecnolóxica:</i> Ciencias da Terra e do Medio Ambiente Mecánica Debuxo Técnico (opcións 1 e 2) Tecnoloxía Industrial II Electrotecnia <i>Vías Humanidades e Ciencias Sociais:</i> Economía e Organización de Empresas Grego II Historia da Música <i>Vía Artes:</i> Imaxe Fundamentos do Deseño Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica Debuxo Técnico II
17,30 h	Descanso
18,00 h	<i>Vía Ciencias Sociais:</i> Matemáticas aplicadas ás CC. Sociais
19,30 h	Fin sesión

TERCEIRO DÍA / SEGUNDA PARTE DA PROBA	
<u>MAÑÁ</u>	
10,00 h	<i>Vías CC. da Saúde e Científico-Tecnolóxica:</i> Bioloxía <i>Vías Artes, Humanidades e Ciencias Sociais:</i> Historia da Arte
11,30 h	Descanso
12,00 h	<i>Vías CC. da Saúde e Científico-Tecnolóxica:</i> Química <i>Vía Humanidades:</i> Debuxo Artístico
13,30 h	Fin sesión

3. PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

EN TITULACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

3.1. TITULACIÓN SEN LÍMITE DE PRAZAS (de matrícula inmediata)

Para o acceso a **titulación sen límite de prazas** non é necesario facer ningunha solicitude de admisión (preinscrición).

O alumnado que cumpra os requisitos legalmente esixibles e o xustifique debidamente, poderá matricularse no **prazo** establecido a tal efecto polas universidades, que abarcará do **1 de xullo ata finais do mes de outubro** (agás no mes de agosto).

3.2. TITULACIÓN CON LÍMITE DE PRAZAS

3.2.1. NORMATIVA DE CARÁCTER XERAL

Cada alumno/a poderá presentar un **único impreso de solicitude**, no que indicará *por orde de preferencia* as titulacións nas que desexa matricularse.

Na solicitude de admisión poderanse solicitar **ata cinco titulacións diferentes**, podendo chegar ata un *máximo de dez* se as solicitudes corresponden a titulacións iguais impartidas en diferentes Centros.

É fundamental a **orde de preferencia**, posto que o alumno/a será admitido nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acade a nota do último alumno admitido. *As titulacións solicitadas en menor preferencia a aquela na que resulte admitido eliminaranse automaticamente das listas de espera.*

É imprescindible indicar correctamente o **código da titulación** (ver apartado 6.2.), xa que a asignación de prazas se leva a cabo informativamente a partir deste número do código que implica o nome da titulación e o Campus no que se imparte.

Na **convocatoria de setembro** non se ofertarán as titulacións que teñan todas as prazas esgotadas pola matrícula de xullo, ou aquelas nas que a CiUG estimase que existen datos obxectivos que aconsellen esta acción.

Nos casos dos **titulados universitarios** e dos **estranxeiros de países non membros da Unión Europea**, haberá un **único prazo de solicitude** correspondente á **convocatoria de xuño**, de acordo co disposto no artigo 13º.3. do R.D. 69/2000, do 21 de xaneiro, sobre procedementos para ingreso en centros universitarios (BOE do 22 de xaneiro).

Procedemento de ingreso

Aos efectos do procedemento de ingreso en estudos universitarios, **a universidade que inicialmente corresponde a cada alumno/a será unha das seguintes:**

a) **Alumnado que teña cursado o Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) previsto na Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación:**

A universidade da súa elección en España.

b) **Alumnado de Bacharelato cursado con anterioridade á Lei 14/1970:**

A universidade da súa elección en España.

c) Alumnado que cursase o Bacharelato previsto na Lei 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE):

A universidade da súa elección en España.

Esta mesma normativa aplicarase aos estudantes que teñan cursasen o Bacharelato Experimental (REM).

d) Estudantes de centros públicos españois no estranxeiro:

A universidade da súa elección en España.

e) Estudantes de Formación Profesional:

Os estudantes de Formación Profesional (FP2, Módulos Profesionais de Nivel 3 e Ciclos Formativos de Grao Superior) lle corresponderá a universidade da súa elección en España.

f) Residentes en Ceuta e Melilla:

A universidade da súa elección en España.

g) Titulados universitarios:

Os estudantes que posúan unha titulación universitaria ou equivalente poderán solicitar praza na universidade da súa elección.

h) Estudantes con estudos preuniversitarios cursados no estranxeiro e validados por COU, Bacharelato LOXSE ou Formación Profesional:

A universidade da súa elección en España.

i) Maiores de 25 anos:

Aos estudantes maiores de 25 anos aos que se refire o artigo 53.5 da Lei Orgánica 1/1990, lles corresponderán as universidades do Distrito Universitario no que teñan superadas as correspondentes probas de acceso.

j) Alumnado de PAAU de Distritos Universitarios de fóra de Galicia:

A universidade da súa elección en España.

j.1.) Cando se trate de iniciaren estudos que **non existan no seu Distrito Universitario de orixe**, terán a mesma consideración que os alumnos do Sistema Universitario de Galicia. A tal efecto, deberán solicitar o acceso polo **Distrito Ordinario**, empregando o impreso de solicitude anticipada.

O prazo de presentación da solicitude de admisión por Distrito Ordinario para o alumnado que superase as PAAU en anos anteriores abranguerá do *5 ao 27 de xuño*.

O prazo de presentación da solicitude de admisión por Distrito Ordinario para o alumnado que supere as PAAU no ano en curso abranguerá do *5 de xuño ao 4 de xullo*.

j.2.) Cando se trate de iniciar estudos **existentes no seu Distrito Universitario de orixe** deberán solicitar o acceso polo **Distrito Abierto**, empregando o impreso de solicitude de admisión correspondente.

O impreso de solicitude estará a disposición dos alumnos/as na páxina web da CiUG, no enderezo www.cesga.es/ciug/ e nos LERD, podendo cubrirse aquel polo alumnado e sendo necesario, en todo caso, remitiren a solicitude por correo (con data oficial de entrega do documento) ao LERD elixido polos alumnos/as. O alumno/a quedará vinculado a este LERD para o resto dos procedementos.

Os estudantes presentarán as súas solicitudes de ingreso tendo en conta os procedementos e o número máximo de titulacións que se solicitan de acordo coas normas fixadas pola CiUG que figuran no reverso do impreso de solicitude.

A ordenación e adxudicación das prazas realizarase de acordo coas prioridades e criterios de valoración establecidos con carácter xeral. En ningún caso poderá adxudicarse unha praza a estudantes correspondentes ao Distrito Abierto, que teñan unha

puntuación ou cualificación definitiva inferior á máis baixa outorgada ao último alumno do distrito propio para obteren praza na ensinanza solicitada.

O calendario para a presentación da solicitude de admisión por Distrito Abierto deberá respectar como data límite para a preinscrición o 4 de xullo de 2008. En calquera caso, recoméndase que as solicitudes sexan presentadas dentro dos prazos fixados a continuación:

Solicitude Anticipada: do 5 ao 27 de xuño (para o alumnado con PAAU aprobadas en anos anteriores e para o alumnado de Formación Profesional).

Solicitude Ordinaria: do 5 de xuño ao 4 de xullo (para alumnado que supere as PAAU na convocatoria de xuño do ano en curso).

k) Alumnado de países membros da Unión Europea que acceda a Universidade Española mediante Credencial da UNED:

A Universidade da súa elección en España.

O prazo de presentación da solicitude de admisión para o alumnado que obtivese a Credencial da UNED en anos anteriores abranguerá do 5 ao 27 de xuño.

O prazo de presentación da solicitude de admisión para o alumnado que obteña a Credencial da UNED no ano en curso abranguerá do 5 de xuño ao 4 de xullo.

O impreso de solicitude estará a disposición do alumnado na páxina web da CiUG, no enderezo www.cesga.es/ciug e nos LERD, sendo necesario, en todo caso remitiren a solicitude por correo ao LERD (con data oficial de entrega do documento). O alumnado quedará vinculado a este LERD para o resto dos procedementos.

O alumnado presentará a súa solicitude de ingreso tendo en conta os procedementos e o número máximo de titulacións que se solicitan de acordo coas normas fixadas pola CiUG e que figuran no reverso do impreso de solicitude.

l) Alumnado de Galicia que pretenda iniciar estudos en Universidades Públicas de fóra de Galicia:

O alumnado de Galicia que pretenda iniciar estudos en Universidades Públicas de fóra de Galicia poderá solicitar praza na universidade da súa elección en España, debendo presentar as súas solicitudes de ingreso na universidade ou universidades onde desexen realizar os seus estudos, tendo en conta os procedementos e adxudicación de prazas fixados por cada unha delas.

Durante o mes de xuño de 2008, o Consejo de Coordinación Universitaria fará pública a oferta de prazas, mediante a súa publicación no BOE, e na páxina web do Consejo de Coordinación Universitaria: <http://www.mec.es> para que poida ser coñecida antes de que se peche o período de preinscrición.

m) Alumnado con Dobre/Múltiple Vía de Acceso:

O alumnado que teña *dúas ou máis modalidades de acceso* (xeral e/ou porcentaxe de reserva) poderá facer uso da devandita posibilidade.

Poderá solicitar ata un máximo de dez titulacións diferentes **sen que se supere o número de cinco titulacións distintas por cada unha das modalidades de acceso.**

Para isto deberá sinalar no *impreso de preinscrición* as dúas modalidades de acceso polas que solicitan a admisión.

O alumnado con **COU (sen PAAU) e con FP** no caso de quererem utilizar a dobre modalidade de acceso, *na convocatoria de xuño* só poderá facer a solicitude *pola modalidade de FP*, solicitando **ata cinco titulacións diferentes**, podendo chegar ata un máxi-

mo de dez se as solicitudes corresponden a titulacións iguais impartidas en diferentes centros. Na *convocatoria de setembro* só poderán solicitar pola *modalidade de COU* as titulacións que lle resten **ata completar o máximo de dez solicitudes** (por exemplo o alumno/a que faga sete solicitudes na convocatoria de xuño pola modalidade de FP, na convocatoria de setembro só poderá facer tres solicitudes pola modalidade de COU, que se incorporarán a continuación das solicitadas en xuño). En todo caso, estas titulacións **terán que ser diferentes ás solicitadas en xuño**.

Polo tanto, o alumno/a que na *convocatoria de xuño* teña realizado pola *modalidade de FP* as **dez solicitudes, non poderá facer uso na convocatoria de setembro da solicitude pola modalidade de COU ou PAAU**. Do mesmo xeito, o alumno/a que na *convocatoria de xuño* teña realizado pola *modalidade de PAAU* as **dez solicitudes, non poderá facer uso na convocatoria de setembro da solicitude pola modalidade de FP**.

3.2.2. PRIORIDADE NA ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

É importante subliñar que terán absoluta prioridade, á hora de asignación de prazas, os alumnos/as que cursaron a opción relacionada coa titulación que se solicita. No *apartado 3.3* figuran as titulacións universitarias vinculadas a cada opción do COU e do Bacharelato LOXSE. Cando no conxunto de materias optativas cursadas polo alumno/a, na súa opción de COU figuran as obrigatorias doutra, terá os dereitos de preferencia que conceden as dúas opcións (só para alumnos/as que teñan superadas as PAAU con anterioridade ao curso 2003-2004).

Para poderen solicitar o acceso ás **titulacións de ciclo longo** (licenciaturas e enxeñarías) é necesario teren superadas as Probas de Acceso á Universidade (P.A.A.U.).

Porén, para poderen solicitar o acceso ás **titulacións de ciclo curto** (Arquitectura Técnica, Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas e Mestres) non é necesario teren superadas as Probas de Acceso á Universidade, podendo facer a solicitude aqueles alumnos/as que superasen o *Curso de Orientación Universitaria* (COU).

Para os estudos da licenciatura en "*Ciencias da Actividade Física e do Deporte (INEF)*" existe unha proba específica de acceso.

O alumnado que desexe iniciar estudos na titulación de "**Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (INEF)**" *deberá facer a solicitude de admisión no impreso contido nos sobres de matrícula e documentación*, do mesmo xeito que en calquera outra titulación con límite de prazas. Ademais, deberá formalizar a solicitude para a **realización das probas específicas** no centro correspondente da Universidade de Vigo (**Campus de Pontevedra**) no prazo do 16 de abril ao 26 de maio de 2008. As probas específicas terán lugar o día 23 de xuño de 2008 e no caso de quedaren prazas vacantes, os días 22 e 23 de setembro de 2008.

Para a "**Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte**" do **Campus da Coruña**, o *prazo de matrícula abranguerá do 12 de marzo ata os sete días naturais anteriores as datas de celebración das probas*. As probas específicas terán lugar o día 19 de abril (1ª convocatoria), os días 24 e 25 de xuño (2ª convocatoria) e no caso de quedaren prazas vacantes o día 24 de setembro de 2008.

3.2.3. PRIORIDADE TEMPORAL NA ADXUDICACIÓN

A asignación de prazas na titulación farase atendendo aos seguintes criterios de preferencia:

a) Alumnado que teña aprobadas as PAAU e alumnado de COU:

- 1º) PAAU aprobadas en xuño de 2008 ou en anos anteriores e opción preferente.
- 2º) PAAU aprobadas en xuño de 2008 ou en anos anteriores e opción non preferente.
- 3º) PAAU aprobadas en setembro de 2008 e opción preferente.
- 4º) PAAU aprobadas en setembro de 2008 e opción non preferente.
- 5º) COU aprobado en anos anteriores e opción preferente.
- 6º) COU aprobado en anos anteriores e opción non preferente.

As solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso.

Para o acceso ás **titulacións de ciclo longo (primeiro e segundo ciclo)** os solicitantes deberán estar comprendidos nos *colectivos 1º a 4º*.

Para o acceso ás **titulacións de ciclo curto (só primeiro ciclo)** os solicitantes poderán estar comprendidos en calquera dos seis colectivos mencionados anteriormente.

Para o acceso ás titulacións con límite de prazas *non existe unha nota determinada previamente*, senón que ésta depende do número de prazas existentes para a titulación, do número de solicitantes e das cualificacións que estes acaden.

Esta “nota de acceso” ou “nota de corte” correspóndese coa nota do último alumno/a admitido/a en cada titulación.

b) Alumnado que aprobase o segundo curso do Bacharelato LOXSE, sen PAAU:

De acordo co disposto no artigo 11º.1.c), parágrafo 2º, do R.D. 69/2000, do 21 de xaneiro (BOE do 22), os alumnos que teñan superado o 2º curso do bacharelato previsto na Lei Orgánica 1/1990 (LOXSE) non poderán ser admitidos nos estudos universitarios sen a previa superación das PAAU.

c) Titulados/as de FP2, Técnicos Especialistas de Nivel 3 e Ciclos Formativos de Grao Superior:

- 1º) Titulados da convocatoria de xuño de 2008 ou de anos anteriores.
- 2º) Titulados da convocatoria de setembro de 2008.

Dentro de cada preferencia a asignación das prazas dispoñibles para estes colectivos farase atendendo á cualificación académica definitiva.

d) Titulados/as universitarios ou equivalentes:

A asignación das prazas dispoñibles farase atendendo á cualificación académica definitiva. No caso dos titulados universitarios haberá un **único prazo de solicitude** correspondente á **convocatoria de xuño**.

e) Estranxeiros/as de países non membros da Unión Europea con estudos validados por COU ou segundo de Bacharelato LOXSE e con PAAU aprobadas:

- 1º) PAAU aprobadas en xuño de 2008 ou en anos anteriores e opción preferente.
- 2º) PAAU aprobadas en xuño de 2008 ou en anos anteriores e opción non preferente.

f) Estranxeiros/as de países non membros da Unión Europea con estudos validados por COU, sen PAAU:

- 1º) COU aprobado en anos anteriores e opción preferente.
- 2º) COU aprobado en anos anteriores e opción non preferente.

g) Alumnado de países membros da Unión Europea que acceda á Universidade Española mediante Credencial da UNED:

A cualificación é a vía ou vías de acceso recoñecidas na Credencial expedida pola UNED.

NOTA: Todo o alumnado que *presente a solicitude na convocatoria de setembro* **terá prioridade de setembro**, aínda que aprobase as PAAU na convocatoria de xuño de 2008 ou en anos anteriores.

A título de información, no *apartado 6.4.* figura o *número de prazas por titulación* e as *notas dos últimos alumnos* que ingresaron (“notas de corte”) nas distintas titulacións existentes **no curso 2007-2008** no SUG.

3.2.4. DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS POR COLECTIVOS

Do número de prazas ofertadas en cada titulación, reservaranse as porcentaxes que a continuación se indican para os seguintes colectivos:

a) Titulados/as universitarios ou equivalentes:

Para o alumnado que estea en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente *que non lles permita o acceso ao segundo ciclo dos estudos que pretendan cursar*, reservaranse unha **porcentaxe do 2 por 100** das prazas totais de cada titulación.

b) Alumnado estranxeiro de países non membros da Unión Europea:

Para os alumnos/as **estranxeiros/as** procedentes **de países non membros da Unión Europea**, que *superasen as PAAU no ano en curso ou no inmediatamente anterior* e sempre que os seus respectivos estados apliquen o principio de reciprocidade nesta materia, reservarase unha **porcentaxe do 2 por 100** das prazas totais de cada titulación.

c) Titulados/as de Formación Profesional:

c.1.) Acceso a titulacións de ciclo curto (só 1º ciclo):

Para os **titulados de FP2, Módulos Profesionais de Nivel 3 e Ciclos Formativos de Grao Superior**, naquelas ramas ou especialidades que lles faciliten o acceso a determinados estudos universitarios, segundo os accesos que figuran respectivamente no *apartado 3.4.1.* reservaranse unha **porcentaxe do 15 por 100** das prazas totais de cada titulación.

c.2.) Acceso a titulacións de ciclo longo (1º e 2º ciclo):

Para os **titulados de Formación Profesional**, naquelas ramas ou especialidades que lles faciliten o acceso a determinados estudos universitarios, segundo os accesos que figuran respectivamente no *apartado 3.4.1.* reservaranse unha **porcentaxe do 7 por 100** das prazas totais de cada titulación.

d) Distrito Abierto:

Para o acceso ao curso académico 2008-2009, os estudantes aos que se refire o apartado 1 do artigo 1º do Real Decreto 69/2000, que vaian cursar o primeiro ciclo de estudos universitarios, poderán solicitar praza en calquera universidade, con independencia daquela na que, por aplicación do establecido nos artigos 5 a 8, superasen a proba de acceso.

e) Alumnado con minusvalía:

Para os **alumnos que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior o 33%, ou padezan menoscabo total da fala ou perda total da audición, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de minusvalía que durante a súa escolarización anterior teñan precisado recursos extraordinarios**, reservarase unha **porcentaxe do 3 por 100** das prazas totais de cada titulación.

f) Alumnado coa cualificación de deportista de alto nivel:

Para os estudantes que, reunindo os requisitos académicos correspondentes, *o Consejo Superior de Deportes cualifique e publique como deportistas de alto nivel antes do 15 de xuño do ano en curso*, así como aqueles que a Comunidade Autónoma de Galicia clasifique como deportistas galegos de alto nivel e que figuren como tales na relación publicada no DOG, ou que cumpran os requisitos que estableza o Consejo de Coordinación Universitaria, reservarase unha **porcentaxe do 3 por 100** das prazas totais de cada titulación, agás nas titulacións de *Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (INEF), Mestre en Educación Física e Diplomatura en Fisioterapia*, na que **se incrementará nun 5 por 100**.

g) Maiores de 25 anos:

Para os **estudantes maiores de 25 anos** que *teñan superadas no SUG as probas específicas de acceso á universidade* previstas no artigo 53.5 da Lei Orgánica 1/1990 (LOXSE), reservarase unha **porcentaxe do 2 por 100** das prazas totais de cada titulación ás que estes estudantes poidan ter acceso, de acordo coa opción cursada nas probas específicas realizadas.

De acordo co disposto no artigo 13º.4 do Real Decreto 69/2000, do 21 de xaneiro, as prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir polos anteditos colectivos, serán acumuladas ás ofertadas polo réxime xeral, en cada unha das convocatorias de preinscrición.

3.2.5. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN

As solicitudes de admisión realizadas polos alumnos/as dos diferentes colectivos, ordenaranse aplicando o criterio que, dos enumerados a continuación, corresponda a cada colectivo.

a) Alumnado de Bacharelato LOXSE con PAAU aprobadas:
As cualificacións definitivas obtidas nas Probas de Acceso á Universidade (ver páxina 11).

b) Alumnado de COU con PAAU aprobadas:
As cualificacións definitivas obtidas nas Probas de Acceso á Universidade (ver páxina 13).

c) Alumnado de Bacharelato Superior e do Curso Preuniversitario:
A nota media resultante de achar a media da puntuación obtida, no seu día, nas probas de madurez e a media do expediente académico do Bacharelato Superior e do Curso Preuniversitario.

d) Alumnado que superase o COU con anterioridade ao curso 1974/75:

A nota media do expediente académico do Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) ou, no seu caso, do Bacharelato Superior e do Curso de Orientación Universitaria.

e) Alumnado que teña cursado plans de estudos anteriores ao ano 1953:

A nota media do expediente académico do Bacharelato.

f) Titulados/as universitarios ou equivalentes:

Para os plans de estudos estruturados en créditos:

Suma dos créditos superados multiplicando cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, a partir das seguintes equivalencias: *aprobado = 1; notable = 2; sobresaliente = 3; matrícula de honra = 4*. O resultado dividirase polo número de créditos totais da ensinanza correspondente.

Para os plans de estudos non estruturados en créditos:

Suma das asignaturas superadas multiplicando cada unha delas polo valor da cualificación que corresponda, a partir das seguintes equivalencias: *aprobado = 1; notable = 2; sobresaliente = 3; matrícula de honra = 4*. O resultado dividirase polo número total de asignaturas da ensinanza correspondente.

No caso de disciplinas cuadrimestrais ou semestrais, contabilizarase a metade do valor da cualificación na suma (*aprobado = 0.50; notable = 1; sobresaliente = 1.50; matrícula de honra = 2*) e a metade da materia no divisor.

Para os dous plans de estudos, aos efectos do cálculo da nota media do expediente universitario, non se terán en conta as materias que aparecen superadas sen nota (apto ou non apto), nin as materias voluntarias. As materias validadas terán o valor equivalente a un aprobado.

g) Titulados/as de Formación Profesional:

Para os estudos cursados en centros españois:

A nota media do expediente académico de Formación Profesional calculada de acordo co disposto na Resolución do 4 de xuño de 2001, da Dirección General de Universidades.

Para os estudos cursados no estranxeiro validados polos de FP:

A nota media do expediente académico de Formación Profesional calculada de acordo co disposto na Resolución do 7 de maio de 1996 .

h) Maiores de 25 anos con probas específicas superadas de acordo co previsto no artigo 53.5 da Lei Orgánica 1/1990:

A cualificación acadada nas probas específicas, de acordo coa opción elixida nas mesmas.

i) Alumnado de países membros da Unión Europea que acceda á Universidade Española mediante a Credencial da UNED:

A cualificación e a vía ou vías de acceso recoñecidas na Credencial expedida polo UNED.

3.3. VINCULACIÓN DAS TITULACIÓNS DO SUG COA OPCIÓN DO BACHARELATO LOXSE E DO COU

TULACIÓN DO SUG	OPCIÓN – VÍA LOXSE					OPCIÓN COU			
	1	2	3	4	5	A	B	C	D
Administración e Dirección de Empresas (Lic.)	●	●		●		●	●	●	
Arquitectura	●	●				●	●		
Belas Artes (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Bioloxía (Licenciatura)	●	●				●	●		
CC.da Actividade Física e do Deporte - INEF (Lic.)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Ciencias do Mar (Licenciatura)	●	●				●	●		
Ciencias Políticas e da Administración (Lic.)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Comunicación Audiovisual (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Dereito (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Economía (Licenciatura)	●	●		●		●	●	●	
Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	●	●				●	●		
Enxeñaría Industrial	●	●				●	●		
Enxeñaría en Informática	●	●				●	●		
Enxeñaría de Minas	●	●				●	●		
Enxeñaría Naval e Oceánica	●	●				●	●		
Enxeñaría Química	●	●				●	●		
Enxeñaría de Telecomunicacións	●	●				●	●		
Farmacia (Licenciatura)		●					●		
Filoloxía Alemá (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Clásica (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Francesa (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Galega (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Hispánica (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Inglesa (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Italiana (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Portuguesa (Licenciatura)			●						●
Filoloxía Románica (Licenciatura)			●						●
Filosofía (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Física (Licenciatura)	●	●				●	●		
Historia (Licenciatura)			●	●	●			●	●
Historia da Arte (Licenciatura)			●	●	●			●	●
Humanidades (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Matemáticas (Licenciatura)	●	●				●	●		
Medicina e Cirurxía (Licenciatura)		●					●		
Odontoloxía (Licenciatura)		●					●		
Pedagogía (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Psicoloxía (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Publicidade e Relacións Públicas (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Química (Licenciatura)	●	●				●	●		
Socioloxía (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Tradución e Interpretación (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Veterinaria (Licenciatura)		●					●		
Xeografía (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Xornalismo (Licenciatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Arquitectura Técnica	●	●				●	●		
Biblioteconomía e Documentación (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Ciencias Empresariais (Diplomatura)	●	●	●			●	●	●	
Educación Social (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Enfermería (Diplomatura)		●					●		
Fisioterapia (Diplomatura)		●					●		
Logopedia (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Máquinas Navais (Diplomatura)	●	●				●	●		
Navegación Marítima (Diplomatura)	●	●				●	●		
Óptica e Optometría (Diplomatura)	●	●				●	●		
Podoloxía (Diplomatura)		●					●		
Relacións Laborais (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Terapia Ocupacional (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Traballo Social (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Turismo (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Xestión e Administración Pública (Diplomatura)	●	●	●	●	●	●	●	●	●

TITULACIÓNS DO SUG
**OPCIÓN – VÍA
LOXSE**
**OPCIÓN
COU**

	1	2	3	4	5	A	B	C	D
E.T. Agrícola en Explotacións Agropecuarias	●	●				●	●		
E.T. Agrícola en Hortofruticultura e Xardiñería	●	●				●	●		
E.T. Agrícola en Industrias Agrarias e Alimentarias	●	●				●	●		
E.T. Agrícola en Mecaniz. Agraria e Construc. Rurais	●	●				●	●		
E.T. Forestal en Explotacións Forestais	●	●				●	●		
E.T. Forestal en Industrias Forestais	●	●				●	●		
E.T. Industrial: especialidade en Electricidade	●	●				●	●		
E.T. Industrial: especialidade en Electrónica Industrial	●	●				●	●		
E.T. Industrial: especialidade en Mecánica	●	●				●	●		
E.T. Industrial: especialidade en Química Industrial	●	●				●	●		
Enx. Téc. en Deseño Industrial	●			●	●	●		●	
Enx. Téc. en Informática de Sistemas	●	●				●	●		
Enx. Téc. en Informática de Xestión	●	●				●	●		
Enx. Téc. Naval en Estruturas Mariñas	●	●				●	●		
E.T. Naval en Propulsión e Servizos do Buque	●	●				●	●		
E.T. Obras Públicas: espec. Construcións Cívicas	●	●				●	●		
E.T. Obras Públicas: esp. Transportes e Serv. Urbanos	●	●				●	●		
E.T. Telecomunicacións: Sist. de Telecomunicacións	●	●				●	●		
E.T. Telecomunicacións: espec. en Son e Imaxe	●	●				●	●		
E.T. en Topografía	●					●			
Mestre en Audición e Linguaxe	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Mestre en Educación Especial	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Mestre en Educación Física	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Mestre en Educación Infantil	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Mestre en Educación Musical	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Mestre en Educación Primaria	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Mestre en Lingua Estranxeira	●	●	●	●	●	●	●	●	●

A vinculación das titulacións universitarias coa opción ou vía de acceso do Bacharelato LOXSE ou coa opción cursada no COU regúlase polas OM do 30 de maio de 1995 (BOE do 7 de xuño), OM do 26 de decembro de 1996 (BOE do 10 de xaneiro de 1997), OM do 28 de agosto de 1998 (BOE do 9 de setembro), OM do 6 de maio de 1999 (BOE do 8 de maio), OM do 25 de novembro de 1999 (BOE do 30 de novembro), OM do 27 de xuño de 2000 (BOE do 4 de xullo) e OM do 14 de maio de 2001 (BOE do 22 de maio).

As vías de acceso do Bacharelato LOXSE e as opcións do Curso de Orientación Universitaria (COU) que figuran no cadro anterior son as seguintes:

*** Vías de acceso do Bacharelato LOXSE:**

1. Científico-Tecnolóxica
2. Ciencias da Saúde
3. Humanidades
4. Ciencias Sociais
5. Artes

*** Opcións do COU:**

- A. Científico-Tecnolóxica
- B. Biosanitaria
- C. Ciencias Sociais
- D. Humanidades

Cando no conxunto de materias optativas cursadas polo alumnado na súa opción de COU, figuren as obrigatorias doutra, terá os dereitos de preferencia que conceden as dúas opcións (só para o alumnado de COU que teña superadas as PAAU con anterioridade ao ano académico 2003-2004).

3.4. ACCESO A TITULACIONES UNIVERSITARIAS DENDE A FORMACION PROFESIONAL

O alumnado procedente de Formación Profesional (FP2, Módulos Profesionais de Nivel 3 e Ciclos Formativos de Grao Superior) poderá acceder a estudos universitarios de ciclo curto (Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas, Mestres, etc) naqueles casos nos que a especialidade cursada os habilite para o devandito acceso (ver páxinas 33 a 43).

Para o acceso ás **titulacións de ciclo curto (só primeiro ciclo)** terán *reservadas o 15% das prazas totais* das correspondentes titulacións.

Para o acceso ás **titulacións de ciclo longo (primeiro e segundo ciclo)** terán *reservadas un número de prazas do 7%* das correspondentes titulacións, naqueles casos nos que a especialidade cursada os habilite para o devandito acceso.

Existe unha titulación de primeiro e segundo ciclo, sinalada co **símbolo (*)**, na que é necesario ter superada a *Proba Específica de Acceso*.

Aos efectos de acceso ás ensinanzas universitarias que se determinen, procederase para o cálculo da nota media dos **alumnos/as de Formación Profesional de segundo grao**, de acordo co disposto nos artigos segundo a quinto e no artigo oitavo da Resolución do 4 de xuño de 2001, da Dirección General de Universidades (BOE do 12 de xuño de 2001).

Para o cálculo da nota de acceso á universidade dos alumnos/as que teñan cursado **módulos profesionais de nivel 3** procederase de acordo co disposto no artigo sexto da Resolución do 4 de xuño de 2001, da Dirección General de Universidades (BOE do 12 de xuño de 2001).

Para o cálculo da nota de acceso á universidade dos alumnos/as que teñan cursado **ciclos formativos de grao superior** procederase de acordo co disposto nos artigos sétimo e oitavo da Resolución do 4 de xuño de 2001, da Dirección General de Universidades (BOE do 12 de xuño de 2001).




O alumnado que estea en posesión do título de técnico superior de **Artes Plásticas e Deseño**, establecidos polo artigo 47 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, terá acceso ao 15% das prazas nas titulacións de ciclo curto, e ao 7% das prazas nas titulacións de ciclo longo, naqueles casos nos que a especialidade cursada lles habilite para o devandito acceso (ver páxinas 44 a 45).




O alumnado que estea en posesión do título de técnico superior de **Ensinanzas Deportivas**, terá acceso ao 15% das prazas nas titulacións de ciclo curto, e ao 7% das prazas nas titulacións de ciclo longo, naqueles casos nos que a especialidade cursada lles habilite para o devandito acceso (ver páxina 45).



3.4.1. CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE SEGUNDO GRAO E MÓDULOS PROFESIONAIS DE NIVEL 3.



ACCESO A ESTUDOS UNIVERSITARIOS DENDE A FORMACIÓN PROFESIONAL



- CS Especialidades dos Ciclos Formativos de Grao Superior.
 FP2 Especialidades de Formación Profesional de 2º Grao.
 M3 Especialidades dos Módulos Profesionais de Nivel 3.
 (▲) Titulacións non impartidas no SUG no curso 2008-2009.
 (*) Titulación con proba específica de acceso.





Familia profesional	Ciclos Superiores / FP2 / Módulos de Nivel 3	Acceso a estudos universitarios
 Actividades agrarias	CS Xestión e organización de empresas agropecuarias FP2 Administración e xestión de empresas Agrarias (<i>Agraria</i>) FP2 Dirección e xestión de empresas agrarias (<i>Agraria</i>) FP2 Explotación hortofrutícola (<i>Agraria</i>) FP2 Explotación agropecuaria (<i>Agraria</i>) FP2 Goberno e administración de servizos comunitarios (<i>Agraria</i>) FP2 Mecanización agraria (<i>Agraria</i>) M3 Hortofruticultura (<i>Agraria</i>)	– Diplomatura en Ciencias empresariais. – Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Agrícola (todas as especialidades). • Forestal (todas as especialidades). • Industrial (todas as especialidades). • Obras públicas (todas as especialidades). • Topografía. – Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Veterinaria . • Biotecnoloxía (▲).
	CS Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos FP2 Explotación forestal (<i>Agraria</i>) FP2 Xardiñería (<i>Agraria</i>) M3 Aproveitamentos forestais e conservación da natureza (<i>Agraria</i>)	– Diplomatura en Ciencias empresariais. – Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Agrícola (todas as especialidades). • Forestal (todas as especialidades). • Industrial (todas as especialidades). • Obras públicas (todas as especialidades). • Topografía. – Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Biotecnoloxía (▲). • Ciencias Ambientais (▲).
 Actividades físicas e deportivas	CS Animación de actividades físicas e deportivas FP2 Actividades físicas e animación deportiva (<i>Servizos á comunidade</i>) M3 Actividades físicas e animación deportiva (<i>Servizos á comunidade</i>)	– Mestre (todas as especialidades). – Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Educación social. • Enfermaría. • Fisioterapia. • Podoloxía. • Relacións laborais. • Traballo social. • Turismo. • Terapia ocupacional. • Nutrición humana e dietética (▲). – Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da actividade física e do deporte (*). • Medicina.
 Actividades marítimo-pesqueiras	CS Producción acuícola FP2 Cultivos mariños artificiais (<i>Marítimo pesqueira</i>) FP2 Cultivos mariños tradicionais (<i>Marítimo pesqueira</i>) M3 Cultivos mariños (<i>Marítimo pesqueira</i>)	– Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Máquinas navais. • Navegación marítima. • Radioelectrónica naval (▲). – Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Agrícola (especialidade en industrias agrarias e alimentarias). • Forestal (todas as especialidades). • Industrial (todas as especialidades). • Naval (todas as especialidades). • Telecomunicacións (todas as especialidades). • Aeronáutica (▲). – Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía. • Ciencias do mar.




Familia profesional	Ciclos Superiores / FP2 / Módulos de Nivel 3	Acceso a estudos universitarios
 <p>Actividades marítimo-pesqueiras (continuación)</p>	<p>CS Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque</p> <p>CS Navegación, pesca e transporte marítimo</p> <p>FP2 Navegación de cabotaxe (<i>Marítimo pesqueira</i>)</p> <p>FP2 Mecánica Naval (<i>Marítimo pesqueira</i>)</p> <p>FP2 Pesca marítima (<i>Marítimo pesqueira</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Máquinas navais. • Navegación marítima. • Radioelectrónica naval (▲). - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Industrial (todas as especialidades). • Naval (todas as especialidades). • Telecomunicacións (todas as especialidades). • Aeronáutica (▲).
 <p>Administración</p>	<p>CS Administración e finanzas</p> <p>FP2 Administrativa (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Administración de empresas (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Contabilidade (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Entidades de aforro (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Inmobiliario (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>M3 Administración empresarial (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>M3 Administración de empresas (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>M3 Contabilidade e administración na pequena e mediana empresa (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>M3 Contabilidade e xestión (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>CS Secretariado</p> <p>FP2 Secretaría bilingüe de dirección (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Secretariado (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Secretariado executivo de dirección (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>FP2 Secretariado bilingüe e comercial (<i>Administrativa e comercial</i>)</p> <p>M3 Biblioteconomía, archivística e documentación (<i>Adva. e comercial</i>)</p> <p>M3 Secretariado executivo bilingüe (<i>Administrativa e comercial</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mestre (todas as especialidades). - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Biblioteconomía e documentación. • Ciencias empresariais. • Educación social. • Relacións laborais. • Traballo social. • Turismo. • Xestión e administración pública. • Estatística (▲). - Enxeñaría técnica en informática (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Administración e dirección de empresas. • Dereito. • Economía. <ul style="list-style-type: none"> - Mestre (todas as especialidades). - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Biblioteconomía e documentación. • Ciencias empresariais. • Educación social. • Relacións laborais. • Traballo social. • Turismo. • Xestión e administración pública. • Estatística (▲). - Enxeñaría técnica en informática (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Administración e dirección de empresas. • Dereito. • Economía. • Filoloxía.
 <p>Artes gráficas</p>	<p>CS Deseño e produción editorial</p> <p>FP2 Deseño gráfico (<i>Delineación</i>)</p> <p>CS Producción en industrias de artes gráficas</p> <p>FP2 Composición (<i>Artes gráficas</i>)</p> <p>FP2 Encadernación (<i>Artes gráficas</i>)</p> <p>FP2 Impresión (<i>Artes gráficas</i>)</p> <p>FP2 Procesos gráficos (<i>Artes gráficas</i>)</p> <p>FP2 Reprodución fotomecánica (<i>Artes gráficas</i>)</p> <p>M3 Composición de artes gráficas (<i>Artes gráficas</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomatura en Ciencias empresariais. - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Deseño industrial. • Forestal (especialidade de industrias forestais). • Industrial (todas as especialidades). • Informática de sistemas. <ul style="list-style-type: none"> - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Forestal (especialidade de industrias forestais). • Industrial (todas as especialidades). • Informática de sistemas.



Familia profesional	Ciclos Superiores / FP2 / Módulos de Nivel 3	Acceso a estudos universitarios
 Comercio e marketing	<p>CS Comercio internacional CS Servizos ao consumidor CS Xestión comercial e márketing CS Xestión do transporte</p> <p>FP2 Almacéns (<i>Administrativa e comercial</i>) FP2 Comercial (<i>Administrativa e comercial</i>) FP2 Comercio exterior e transportes (<i>Administrativa e comercial</i>) FP2 Marketing (<i>Administrativa e comercial</i>) FP2 Publicidade (<i>Administrativa e comercial</i>) FP2 Relacións públicas (<i>Administrativa e comercial</i>) M3 Asesoría de consumo (<i>Administrativa e comercial</i>) M3 Comercio exterior (<i>Administrativa e comercial</i>) M3 Información e atención ao público (<i>Administrativa e comercial</i>) M3 Técnico comercial (<i>Administrativa e comercial</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mestre (todas as especialidades). - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Biblioteconomía e documentación. • Ciencias empresariais. • Educación social. • Relacións laborais. • Traballo social. • Turismo. • Xestión e administración pública. - Enxeñaría técnica Informática (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Administración e dirección de empresas. • Dereito. • Economía.
 Comunicación, imaxe e son	<p>CS Imaxe</p> <p>FP2 Imaxe fotográfica (<i>Imaxe e son</i>) FP2 Imaxe filmica (<i>Imaxe e son</i>) FP2 Medios audiovisuais (<i>Imaxe e son</i>) FP2 Operacións en radio-televisión (<i>Imaxe e son</i>) M3 Medios audiovisuais (<i>Imaxe e son</i>) M3 Operacións de imaxe e son (<i>Imaxe e son</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Óptica e optometría. • Turismo. - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Industrial (todas as especialidades). • Telecomunicacións (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Belas artes. • Comunicación audiovisual. • Publicidade e relacións públicas. • Xornalismo.
<p>CS Producción de audiovisuais, radio e espectáculos</p> <p>FP2 Producción de programas (<i>Imaxe e son</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias empresariais. • Óptica e optometría. • Turismo. - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Industrial (todas as especialidades). • Telecomunicacións (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación audiovisual. • Publicidade e relacións públicas. • Xornalismo. 	
<p>CS Realización de audiovisuais e espectáculos</p> <p>FP2 Realización de programas (<i>Imaxe e son</i>) M3 Realización, produción e operacións de programas audiovisuais (<i>Imaxe e son</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Óptica e optometría. • Turismo. - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Industrial (todas as especialidades). • Telecomunicacións (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación audiovisual. • Publicidade e relacións públicas. • Xornalismo. 	
<p>CS Son</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Óptica e optometría. • Turismo. - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Industrial (todas as especialidades). • Telecomunicacións (todas as especialidades). - Licenciaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación audiovisual. • Física. 	

Familia profesional	Ciclos Superiores / FP2 / Módulos de Nivel 3	Acceso a estudos universitarios
 <p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Edificación e obra civil</p>	<p>CS Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas</p> <p>CS Realización e plans de obra</p> <p>FP2 Construción de edificios (<i>Mestre de obras</i>)</p> <p>FP2 Topografía (<i>Construcións e obras</i>)</p> <p>FP2 Vías e obras (<i>Construcións e obras</i>)</p> <p>FP2 Sobrestantes (<i>Construcións e obras</i>)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diplomaturas en: <ul style="list-style-type: none"> • Máquinas navais. • Navegación marítima. • Radioelectrónica naval (▲). - Arquitectura técnica. - Enxeñarías técnicas: <ul style="list-style-type: none"> • Agrícola (especialidades en explotacións agropecuarias; hortofructicultura e xardinería; mecanización e construcións rurais). • Deseño industrial. • Forestal (espec. de indust. forestais). • Industrial (todas as especialidades) • Naval (todas as especialidades). • Obras públicas (todas as especialid.). • Topografía. • De minas (▲). - Arquitectura.
